

BASES DE PARTICIPACIÓN CREAGAIÁS 7x7 - 2019



Imaxe pertencente ao traballo fotográfico gañador da 1ª edición de CREAGAIÁS 7X7. Fotógrafo galardoado: Gery Álx Pérez. Título da fotografía: 'Englobando'. Empresa fotografada: PARIPEPOP. Persoas retratadas: Isabel Pernas Rey, Yago García Rodríguez e Marcos García Rodríguez.

BASES DE PARTICIPACIÓN CREAGAIÁS 7x7 2019

FICHA DO CERTAME

Promove: Correveydile.

Co apoio de: Cidade da Cultura de Galicia.

Colabora: Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo.

Obxecto da convocatoria: Correveydile, en colaboración coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia, convoca a segunda edición dos Premios de Fotografía CREAGAIÁS co obxectivo de potenciar a traxectoria de novos talentos no eido da fotografía e de visibilizar ao Centro de Emprendemento Creativo (en diante CEM) e aos seus coworkers, entendendo como tales ás persoas profesionais, empresas e proxectos residentes no espazo, así como tamén ás súas actividades, instalacións e servizos.

Potenciais participantes: persoas físicas maiores de 18 anos interesadas na fotografía (non profesionais), a creatividade, a imaxe, o deseño, as artes visuais, os procesos de creación, a comunicación, as RRSS e o emprendemento.

Temática do certame: CEM. Emprendemento.

Proxecto fotográfico a presentar a concurso: reportaxe fotográfica sobre o Centro de Emprendemento Creativo da Cidade da Cultura de Galicia e/ ou sobre as persoas emprendedoras e/ou creadoras, empresas, profesionais ou proxectos creativos residentes no CEM, así como as súas actividades, instalacións e servizos, retratados en sete imaxes representativas da cotidianeidade e esencia do centro de emprendemento.

Custe da inscrición no certame: de balde.

Premio: 1.200€ impostos incluídos, cheque simbólico e diploma conmemorativo.

Preinscricións: cubrindo e enviando o seguinte formulario online para a solicitude de praza no certame.

<https://goo.gl/forms/YD02dNZnjf8CkXa53>

Prazos da convocatoria:

- xoves 14 de marzo: apertura de preinscricións.

-domingo 24 de marzo (23:59h; hora peninsular): peche do prazo de preinscricións.

-mércores 3 de abril marzo (23:59h; hora peninsular): peche do prazo de envío de reportaxes fotográficas a concurso.

-xoves 11 de abril: comunicación do nome da persoa gañadora e entrega de premios nun acto público con actividades complementarias que se celebrará a partir das 16h no Centro de Emprendemento Creativo da Cidade da Cultura de Galicia.

OBXECTO DA CONVOCATORIA

Correveydile, empresa de xestión cultural especializada no deseño, xestión e produción de iniciativas, accións e proxectos do eido cultural, a comunicación creativa e a dinamización social e cultural, e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, organización cultural que ten por obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”, poñen en marcha o certame de fotografía sobre emprendemento creativo ‘CREAGAIÁS 7X7- 2019’ cos seguintes obxectivos:

-Potenciar e impulsar a visibilidade e carreira profesional de novos talentos no campo da fotografía.

-Dar a coñecer o Centro de Emprendemento Creativo da Cidade da Cultura de Galicia

-Visibilizar ás persoas creadoras, profesionais, empresas e proxectos das industrias culturais residentes no CEM.

-Poñer en valor o traballo dos profesionais do sector cultural e creativo de Galicia e particularmente daqueles residentes no CEM.

-Potenciar o emprendemento e os seus valores.

-Visibilizar as particularidades e especiais condicionantes do traballo emprendedor.

-Dotar de recursos visuais ás empresas das industriais culturais residentes no CEM e ao propio Centro de Emprendemento.

Por todo isto, e en consonancia cos obxectivos inmediatos comúns de ambas organizacións, afíns ao proxecto, fanse públicas as bases de participación para a convocatoria 2019 do Premio CREAGAIÁS 7x7.

CONVOCATORIA

CREAGAIÁS 7x7 é unha iniciativa promovida por Correveydile SL, con CIF: B-70493051 e enderezo no Centro de Emprendemento Creativo da Cidade da Cultura de Galicia ubicado no Monte Gaiás s/n. 15707 (Santiago de Compostela; A Coruña), en colaboración coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia, o Centro de Emprendemento Creativo e a Xunta de Galicia.

A segunda convocatoria do certame ten por obxecto impulsar a traxectoria de novos fotógrafos, visibilizar ao CEM e dar a coñecer as aos proxectos creativos, o traballo e as rutinas dos profesionais do sector das industrias culturais residentes no CEM (persoas creadoras, empresas e profesionais dedicadas á comunicación, o deseño, a ilustración, a produción, a xestión cultural, a programación de aplicacións informáticas e de internet etc.), contribuíndo así ao fomento do emprendemento no eido cultural, estimulando a creatividade e divulgando aspectos relacionados coa realidade e especiais condicionantes do traballo emprendedor.

GRATUÍDADE DA INICIATIVA E POTENCIAIS PARTICIPANTES

Poderán participar nesta convocatoria todas aquelas persoas físicas maiores de dezoito anos, que se preinscriban na iniciativa dentro das datas estipuladas, acepten e cumpran co establecido nas bases deste concurso e reciban confirmación de praza por parte da Organización.

O certame está dirixido a persoas interesadas no campo da fotografía, sexan estudantes, afeccionadas/os ou amateurs; así como tamén persoas interesadas nas artes plásticas e/ou visuais, a imaxe, o deseño, a creatividade, a comunicación, as RRSS ou persoas con interese e/ou vinculación co emprendemento cultural e os procesos de creación.

Non poderán participar os membros da Organización do concurso nin os membros do Xurado (incluíndo aquí os seus familiares ata primeiro grao).

A participación neste concurso é de balde e necesita, de forma obrigatoria, da confirmación de praza por parte Organización trala tramitación da solicitude de preinscrición.

NÚMERO DE OBRAS A PRESENTAR, TEMÁTICA DO CONCURSO E CARACTERÍSTICAS DAS IMAXES

Cada autor ou autora poderá presentar a concurso unha **serie fotográfica composta por sete fotografías inéditas**. Estas sete imaxes poderán ser tomadas por medios analóxicos ou dixitais, cámaras fotográficas ou dispositivos móbiles, realizarse en branco e negro ou cor, e de forma natural ou manipulada.

O protagonista do concurso será o **CEM** e a súa temática a **actividade emprendedora e creadora nun centro de coworking**, debendo reflectir cada serie presentada a concurso o propio espazo de traballo, a súa actividade, servizos, dinámicas, integrantes, así como os particulares condicionantes do traballo emprendedor e o seu desenvolvemento nun centro de coworking. As imaxes poderán contar o día a día do centro, dalgunha das súas persoas traballadoras e/ou emprendedoras residentes, da actividade das súas empresas ou proxectos, e/ou dos servizos, actividades e instalacións do CEM, recreando estas imaxes a súa arquitectura, deseño, esencia, filosofía, ambiente e cotidianeidade, e empregando como localización principal o Centro de Emprendemento Creativo.

A Organización revisará e analizará todas e cada unha das fotografías enviadas, descartando aquelas que non reúnan un mínimo de calidade esixida nestas bases, así como aquelas que non respondan á temática do concurso ou a prioridade de retratar ao CEM como localización principal en alomenos tres das fotografías. Os traballos que presenten algún tipo de marca, copyright ou sinatura que faga referencia á súa autoría non serán admitidas no concurso.

PROCESO DE INSCRIPCIÓN E DINÁMICA DO CONCURSO

- 1) SOLICITUDE DE PREINSCRIPCIÓN: As persoas interesadas en participar no concurso deberán solicitar praza cubrindo e enviando telematicamente o seguinte [formulario de preinscripción](#):

<https://goo.gl/forms/YD02dNZnjf8CkXa53>

A solicitude é imprescindible para a obtención de praza neste certame e ten por obxecto recoller a intención formal de participar, os datos básicos das persoas interesadas, así como o consentimento coas bases que aquí se detallan. A solicitude de preinscripción neste concurso presentarase vía telemática a través do [presente formulario online](#), que se deberá cubrir totalmente con toda a información solicitada como paso previo á confirmación de praza.

- 2) CONFIRMACIÓN DE PRAZAS: Unha vez recibida a solicitude de preinscripción de cada participante, a Organización revisará os formularios e adxudicará as prazas por orde de inscrición. Poderán participar no concurso tanto/as fotógrafo/as amateurs ou en formación, como persoas emprendedoras, empresas ou proxectos creativos que desexen voluntariamente participar na iniciativa para retratar a súa actividade ou ser retratados por fotógrafos afeccionados.
- 3) ENVÍO DE DOCUMENTACIÓN: Para a adxudicación definitiva das prazas, os fotógrafos e fotógrafas deberán remitir á Organización a seguinte documentación escaneada/fotografada: copia do DNI ou NIE do solicitante polas dúas caras e ANEXO 1 das bases asinado co aceptamento formal das bases de participación. Os envíos realizaranse a través de enlace para descarga directa a veydile@veydile.com.
- 4) SESIÓNS FOTOGRÁFICAS: Unha vez adxudicadas e confirmadas as prazas ás persoas solicitantes, as/os participantes poderán acceder ao Centro de Emprendemento despois de identificarse como tales en recepción (e dentro do horario que se lles indique) para retratar o espazo, instalación e/ou actividades, e/ou buscar a colaboración voluntaria do/as coworkers, traballadores ou colaboradores do espazo para protagonizar ou aparecer nas imaxes, se así o desexaran ambas partes. No caso de contar coa participación nas fotografías doutras persoas (sexan estas coworkers, traballadoras ou colaboradoras do espazo), os/as fotógrafos darán a asinar a ditas

persoas o ANEXO 3 destas bases, co obxectivo de que quede constancia do seu consentimento para aparecer nas imaxes e de que estas sexan difundidas.

5) ENVÍO DE IMAXES: Unha vez realizados e editadas as sete fotografías, estas deberán ser achegadas á maior calidade posible por correo electrónico a través de enlace para descarga directa a veydile@veydile.com antes do mércores 3 de abril ás 23:59h. As fotografías levarán o nome do autor, numeración dentro da serie e o título da imaxe como nome do arquivo. Acompañarán ás fotografías sete fichas do ANEXO 2 das bases cos datos máis salientables das sete imaxes e cunha pequena presentación describindo os aspectos máis salientables do traballo fotográfico desenvolvido. Neste momento xuntaranse tamén por correo electrónico asinadas e escaneadas ou fotografadas tantas copias do ANEXO 3 como persoas aparezan retratadas nas fotografías dos/das concursantes do certame.

6) SELECCIÓN DO TRABALLO GAÑADOR: O xurado valorará as reportaxes fotográficas e escollerá unha como gañadora seguindo os criterios destas bases e a adecuación á temática e esencia do concurso. A resolución que deba adoptarse por calquera incidencia non prevista nas bases de participación de CREAGAIÁS 7x7 - 2019 corresponderá unicamente á Organización, quen resolverá co mellor criterio e procurando o correcto desenvolvemento da iniciativa, sen que proceda recurso algún.

7) COMUNICACIÓN DA PERSOA GAÑADORA DO PREMIO: A comunicación do premio se realizará nun acto público con actividades complementarias o xoves 11 de abril de 2019 no Centro de Emprendemento Creativo da Cidade da Cultura de Galicia a partir das 16h. Neste acto se lle entregará á persoa gañadora un diploma conmemorativo e un cheque-agasallo que simbolizará ao premio en metálico que se lle ingresará con posterioridade a través de transferencia bancaria.

CONCEPTO DAS IMAXES

As persoas participantes crearán diarios do Centro de Emprendemento, as súas instalacións, servizos, actividades e coworkers a través de sete fotografías que plasmarán a arquitectura, deseño, ambiente, filosofía, personalidade, dinámicas e cotidianeidade representativa do centro de traballo e dos profesionais e proxectos que residen nel, pensando no futuro uso destas

imaxes como fotografías para web, redes sociais e outros soportes que sirvan para visibilizar ao CEM, aos seus coworkers e ao traballo creador e emprendedor.

As fotografías tomadas deberán retratar de forma creativa o centro de traballo e algunhas das particularidades do seu deseño interior e exterior, rutinas e vida profesional e/ou vital das persoas emprendedoras, empresas ou proxectos creativos que o conforman. Valorarase ademais que se plasmen nalgunhas das imaxes as características e especificidades do traballo emprendedor e do traballo emprendedor en centros de coworking: colaboración, apego, confianza no propio proxecto, confianza nas persoas compañeiras, respecto ao traballo alleo, creatividade, optimismo, autonomía, flexibilidade, resiliencia, empatía, conciliación, apertura de mente, perseverancia, credibilidade, influencia, tolerancia, capacidade de organización, planificación e aprendizaxe continuo, capacidade de liderado e de desenvolver relacións e vínculos coas comunidades, vantaxe competitiva, orientación ao cliente, contacto coa tecnoloxía, capacidade executiva, de comunicación e venda, etc.

Ademais, polo menos tres das sete imaxes que compoñerán cada reportaxe fotográfica deberán empregar como localización principal o CEM, aparecendo de forma recoñecible nas fotografías algúns dos seus espazos e/ou actividades en tres das imaxes e estando ligadas a el dalgunha forma todas as imaxes.

Os traballos fotográficos que se presenten ao certame deberán ser orixinais, inéditos e realizados especificamente para o concurso. Na realización das fotografías deberá respectarse a característica de centro de traballo do espazo, levando a cabo as sesións co maior respecto ao traballo dos profesionais e proxectos residentes, así como ao dereito á tranquilidade, á privacidade e á reserva da propia imaxe daqueles que non queiran participar da iniciativa ou ser retratados nos traballos fotográficos.

PREMIO

O Certame de Fotografía CREAGAIÁS 7x7 - 2019 constará dun só premio para o autor ou autora da mellor serie fotográfica sobre o CEM e a súa actividade, instalacións, servizos e proxectos e profesionais residentes. Este galardón levará asociado:

- a) UN PREMIO EN METÁLICO DOTADO CON MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200,00 € impostos incluídos) para o autor/a da reportaxe fotográfica gañadora. O haber un premio único, no caso

de empate entre varias persoas candidatas, o galardón en metálico repartirase entre os gañadores/as.

- b) DIPLOMA ACREDITATIVO.
- c) EXHIBICIÓN DE TRABALLOS: Posibilidade de amosar pezas/ creacións/ produtos promocionais da persoa gañadora no escarapate/showroom do CEM.

FORMA DE PRESENTACIÓN DO PROXECTO FOTOGRÁFICO

As fotografías enviaranse en formato JPEG de alta calidade, cor RGB, resolución de 300pp e tamaño mínimo de 30 cm de ancho para as imaxes horizontais e 15 cm para as verticais.

As obras presentadas ao certame deberán ir acompañadas do ANEXO 2 destas bases: unha ficha por imaxe que as identifique e onde se detalle o autor/a, emprendedor/empresas ou proxecto creativo retratado de ser o caso, título da obra, indicacións do lugar onde foi tomada, a data na que se realizou, as técnicas empregadas e, se o/a autor/a o considera preciso, indicará a verticalidade ou horizontalidade da imaxe fotográfica así como unha pequena xustificación e descrición da fotografía e o seu proceso creativo.

Estas sete imaxes coas súas correspondentes fichas enviaranse por correo electrónico a veydile@veydile.com a través dun enlace para descarga directa antes do mércores 3 de abril.

COMPOSICIÓN DO XURADO

Para a valoración das reportaxes fotográficas que se presenten constituirase unha comisión de valoración formada por:

- Dous representantes da Fundación Cidade da Cultura, actuando un deles como presidente da Comisión.
- Dúas persoas profesionais vinculadas ao ámbito da fotografía e/ ou da imaxe.
- Unha persoa representante dun centro formativo na disciplina de fotografía.
- Unha persoa representante de Correveydile.

Ao xurado correspóndelle deliberar, estimar e valorar os traballos presentados. A súa decisión será inapelable e adoptarse por maioría simple de entre os seus membros. Os membros do

xurado de CREAGAIÁS 7x7 – 2019 terán a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases con absoluta autoridade e tomará a súa decisión en base aos seguintes criterios a hora de determinar o traballo gañador do Premios CREAGAIÁS 7X7 - 2019:

-Creatividade e calidade da reportaxe fotográfica presentada. Valorarase a frescura e a orixinalidade na serie fotográfica, así como a calidade técnica e conceptual das fotografías presentadas.

-A visibilización do CEM dun xeito coherente, atractivo, orixinal e enriquecedor.

- A posta en valor do traballo dos profesionais ou proxectos crativos residentes no CEM, así como a captación das especificidades da súas rutinas de xeito natural, crible e fidedigno respecto ao día a día do emprendedor ou empresa en cuestión.

-A mensaxe das fotografías así como os valores representados.

-O achegamento e a empatía no punto de vista respecto do traballo e vida das persoas profesionais das industriais culturais en particular e do traballo emprendedor en xeral.

-A diversidade no conxunto das fotografías.

-A adecuación das fotografías ás necesidades de visibilización do CEM e dos emprendedores nas redes sociais e na web.

CONSENTIMENTOS E AUTORIZACIONES. OBRIGAS DAS PERSOAS

PARTICIPANTES

A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder da Organización. Por tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos.

Obrigas dos solicitantes:

-Coa solicitude de preinscrición acéptanse as bases dos premios.

-A organización poderá difundir as características xerais das proxectos que se presentaran e, no seu momento, o nome da persoa gañadora e dos demais participantes.

-A Organización poderá difundir a condición de beneficiario da persoa galardoada.

DEREITOS SOBRE AS FOTOGRAFÍAS A CONCURSO

O feito de participar no certame CREAGAIÁS 7x7- 2019 presupón que os/as autores/as das fotografías están en posesión do Copyright das imaxes que presentan e, en consecuencia, ostentan en exclusividade os dereitos de autoría e imaxe, polo que queda eximida a Organización do certame de calquera conflito de publicación ou utilización das obras presentadas e dos que puidera derivarse.

A persoa participante manifesta e garante así que é a única autora das/s fotografías e titular de todos os dereitos de autor sobre as imaxes que presenta ao concurso. Así mesmo, será responsabilidade da persoa participante recabar a autorización das persoas que puideran aparecer en cada fotografía, para a efectiva actividade que se convoca, a menos que dita fotografía teña sido tomada nun sitio público e na forma legalmente establecida, asumindo toda reclamación por dereitos de imaxe. O mesmo caso no que se refire a localizacións ou obras de arte que puideran aparecer nas fotografías e para as que, de cara a súa captación, o/a fotógrafo/a deberá conseguir autorización expresa no caso de tratarse de espazos/obras de titularidade privada.

Os/as participantes fanse plenamente responsables do contido das fotografías con total indemnidade da Organización do concurso.

Os/as autores/as das fotografías que se presenten a concurso ceden á Organización os dereitos de comunicación pública e reprodución das imaxes e tamén dos textos que as acompañen, renunciando a calquera remuneración en favor da visibilidade do seu traballo. A Organización, os/as autores/as e as persoas emprendedoras, empresas e proxectos creativos retratados poderán empregar as fotografías, gañadoras ou non, en redes sociais, web e publicacións gratuítas, proxectos de promoción cultural tales como reprodución, impresión, publicación, proxección, exposición e outra difusión que a Organización (Correveydile e Fundación Cidade da Cultura de Galicia) considere pertinente, así como noutras actividades e accións informativas, divulgativas e/ou promocionais relacionadas co certame CREAGAIÁS e co propio CEM e a Cidade da Cultura de Galicia, coa condición de facer constar a autoría destas, o concurso para o que foron creadas, así como a calidade de gañadora no caso das fotografías pertencentes á reportaxe galardoadada durante un prazo de dous anos a contar dende o 11 de abril de 2019 (a excepción das fotografías publicadas en web e redes sociais que non terán que eliminarse pasado este tempo), sen que estes usos se poidan entender como vulneración dos dereitos.

A cesión de ditos dereitos permitirá á Organización transformar as obras tecnicamente na medida en que isto sexa necesario para adecualas ao formato, imaxe ou aparencia de Internet ou a calquera outra tecnoloxía susceptible de adscrición a Internet, como tamén reproducilas nos soportes físicos que se estime conveniente. Todas as fotografías presentadas ao concurso quedarán en propiedade da Organización, cedendo os autores destas fotografías os dereitos totais de exhibición e reprodución das obras aínda que conservando a posibilidade de poder empregar as imaxes.

Non obstante todo o anterior, os autores conservan os seus Dereitos de Propiedade Intelectual e se responsabilizan do cumprimento das disposicións legais en material de dita lei e do dereito á propia imaxe, sendo responsables de que a difusión, reprodución ou edición da obra no marco do presente concurso non lesione o dereito algún de terceiros.

Calquera utilización, alteración ou transformación das obras que non estea especificado nas bases deberá contar coa autorización expresa do autor.

No caso de que o premio se declarase deserto as fotografías serán borradas non podendo ser empregadas baixo ningún concepto.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que se faciliten no formulario de preinscrición quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade de Correveydile, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste certame. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante Correveydile, mediante o envío dun correo electrónico a veydile@veydile.com.

RESPONSABILIDADE DA ORGANIZACIÓN

A Organización resérvase o dereito de acortar, prorrogar, modificar ou cancelar este concurso se así o estimase conveniente, se ocorresen supostos especiais no que se dificulte a realización do mesmo, ou se concorreran circunstancias excepcionais que impidiran a súa realización.

Igualmente a Organización resérvase o dereito de eliminar as fotos ou comentarios que non se adecúen coa filosofía da iniciativa ou que se consideren ofensivos.

Non se responsabilizará polas afirmacións que se fagan a través das redes sociais terceiras persoas, podendo levar a cabo as actuacións xudiciais que crea pertinentes contra as mesmas. Tampouco se responsabiliza dos danos ou prexuízos que puideran ocorrer cando o/a gañador/a desfrute do premio.

MÁIS INFORMACIÓN

veydile@veydile.com

606 955 797

www.cidadedacultura.org

online@cidadedacultura.org